
CRÍCTOR

Texto e ilustracións de TOMI UNGERER

Tradución de SILVIA PÉREZ TATO

Encadernado en cartón. 20 x 28 cm. 36 páx. 15 €

-LIBRO INFANTIL DESTACADO DE 1940-1959 (ALA)
-LISTA DE HONRA FANFARE 1959 (The horn book)
-SELECCIÓN A READING RAINBOW
-PREMIO FESTIVAL DE PRIMAVERA DE LIBROS INFANTÍS 1958
(NY Herald Tribune)

Críctor (galego)

ISBN 978-84-8464-764-5. Tras os montes

Críctor (castelán)

ISBN 978-84-92608-42-3. Libros para soñar

Críctor (portugués)



ISBN 978-989-8205-70-4. Livros para sonhar

Era unha vez unha pequena vila francesa onde vivía unha señora maior chamada Madame Louise Bodot. Ela tiña un fillo que estaba en África estudando os réptiles. Unha mañá, o carteiro tróuxolle un paquete moi estraño con forma de O.

Aplicando altas doses de orixinalidade e sentido do humor, Tomi Ungerer converte unha enorme serpe na fiel mascota dunha adorable anciá. “Críctor” resulta da insólita mestura entre o exotismo africano e a exquisitez da sociedade francesa decimonónica, aderezada con ironía e surrealismo. Este laureado clásico de 1963 conserva toda a súa frescura para seguir cativando a novas xeracións de lectores.

Lonxe de atemorizar, Críctor é unha boa dócil que Ungerer humaniza e descontextualiza ata extremos sorprendentes, con ilustracións detallistas, salpicadas de suaves tons verdes: dende vestila e facela estudar no colexio, ata levala tomar un refresco ou pasear por un parque nevado. Un acto heroico convertiráa nun personaxe célebre e admirado por toda a cidadanía.

Cunha pouca imaxinación, velaquí un firme candidato ao título de “mellor amigo do home”.



- **Temática:** a vida dunha serpe convertida na mascota dunha anciá.
- **Idade recomendada:** dende 7 anos.
- **Aspectos destacables:** do autor e ilustrador de “Os tres bandidos” (KALANDRAKA); humor; animais humanizados.

Tomi Ungerer

(Estrasburgo, 1931)

O ambiente bélico dos seus primeiros debuxos reflectía o seu rexeitamento á guerra e ao fascismo. En 1956 emigrou a Nova York, onde comezou a escribir libros infantís que tiveron moito éxito. Publicou en medios importantes como The New Yorker, Esquire, Life Show ou Fortune. Xa no cumio da súa carreira durante os anos 60, Ungerer plasmou na súa obra a súa reacción contra a hipocresía e a superficialidade da sociedade americana. Mudouse a unha granxa en Canadá e a finais dos 70 trasladouse a Irlanda coa súa familia. A súa produción, que abarca catro décadas de creación, calcúlase entre 30.000 e 40.000 traballos de diferentes estilos, e máis de 120 libros. Entre outros galardóns, recibiu a Medalla de Ouro da Sociedade de Ilustradores e o Premio Hans Christian Andersen en 1998. Ao retirarse como debuxante, desenvolveu outra faceta como filántropo, volcado en causas humanitarias. <http://www.tomiungerer.com/>